

Como dicía Vicente Risco, o Entroido son "días nos que está permitido o que non está o resto do ano... en que se poden facer cousas que noutro tempo parecerían moi mal, serían faltas graves contra a boa crianza e aínda contra as mesmas leis... O Entroido presenta certo aspecto de mundo ao revés"

Por iso, e sen que vala de precedente, imos deixar que vos metades un pouco con nós, cos profes, coa escola ou co que vos pareza, sempre dentro dun límite como é natural.



BASES DO CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO

- 1.- As coplas terán por tema "a nosa escola en tempos de pandemia" e/ou o "camiño de Santiago"
- 2.- Serán compostas e interpretadas polo grupo/aula en lingua galega.
- 3.- As letras serán orixinais e co acompañamento que se considere oportuno.
- 4.- Entregaranse por escrito en papel e a interpretación será gravada. Como data límite, o **mércores 10 de febreiro**, darase unha copia da interpretación gravada en video e a murga escrita a un membro do xurado.
- 5.- Haberá un xurado composto por tres mestres especialistas que terá en conta á hora de puntuar os seguintes aspectos: métrica, rima e retransa na composición escrita e gracia e simpatía na interpretación.
- 6.- Haberá diplomas e agasallos para as aulas gañadoras de cada ciclo.

Xa sabedes.... a darlle voltas ao caletre e que gañe o mellor!!!!!!!!!!!!!!



O polbo Ramón